

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E GADISA RETAIL S.L.U. PARA A CONVOCATORIA DO VII CONCURSO ESCOLAR DE CARTEIS RELACIONADO COA DOAZÓN E COS TRANSPLANTES.**

Santiago de Compostela, 24 xaneiro de 2025

### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co artigo 11 do Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, don Agustín Rodríguez Vazques, con DNI 32751426R, en calidade de apoderado, en nome e representación de "GADISA RETAIL S.L.U", con domicilio social en Betanzos (A Coruña), Polígono Piadela s/n, código postal 15300 con CIF B-15.735.590.

Todas as partes, na representación invocada, recoñécense mutuamente a capacidade legal para este acto, e para tal efecto

### **MANIFESTAN**

I.- De conformidade co Decreto 142/2015, de 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, como entidade pública instrumental adscrita á Consellería de Sanidade, ten entre as súas competencias a de realizar actividades informativas e formativas para os/as profesionais, para as asociacións de persoas enfermas e organizacións civís e para a poboación xeral, en materia de doazón de sangue, medula ósea, sangue de cordón umbilical, órganos e tecidos e o seu uso, así como promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos.

II.-A Área de Órganos, Células e Tecidos da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos de Galicia, é a responsable de coordinar a política de doazón e transplante de órganos e tecidos de aplicación en humanos nos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de realizar actividades formativas tanto para persoal sanitario coma non sanitario en materia de doazón e transplante de órganos e tecidos.



Entre as súas funcións está a de informar e difundir acerca da doazón e transplantes de órganos e tecidos dirixido ás administracións e institucións sanitarias, profesionais, asociacións e, en especial, ao público en xeral a través de campañas de sensibilización social a favor da doazón, charlas divulgativas no ámbito escolar, información telefónica, o calquera outra, así como a elaboración e difusión de material divulgativo e didáctico.

III.- Que Gadisa Retail SLU, é unha entidade comercial adicada á distribución.

IV.- Que as entidades participantes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para fomentar a doazón de órganos e tecidos, concienciando deste tipo de doazón e o deseño de intervencións informativas dirixidas á infancia e xuventude co obxecto de mellorar a opinión da doazón e os transplantes de órganos e tecidos, co fin de permitirles tomar unha decisión propia e que sexan transmisores informados dos coñecementos adquiridos sobre a doazón no seu ámbito de influencia familiar, social, e académico, polo que acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** Obxecto do acordo.

O obxecto do presente acordo é establecer o marco de colaboración entre as partes, para levar a cabo a convocatoria do VII Concurso escolar de carteis relacionado coa doazón e cos transplantes dirixido ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO) para o curso escolar 2024-2025.

O concurso terá como tema "a doazón e os beneficios do transplante de órganos", co fin de promover a sensibilización social de maneira responsable sobre a doazón, entendida como un acto voluntario e altruísta.

Poderán participar no concurso de debuxo o alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO) de todos os centros educativos, tanto sostidos con fondos públicos coma privados, da Comunidade Autónoma Galega.

Xúntase como Anexo ao presente acordo as bases da convocatoria do concurso indicado, que será parte integrante do mesmo para todos os efectos.

**SEGUNDA.-** Obrigas das partes.

1.- A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, asume as seguintes obrigas e compromisos:

a) Difundir o concurso nos seus respectivos ámbitos a través dos canais institucionais propios, contando co apoio e a colaboración de Gadisa.



- b) Promover e realizar o seguimento da inscrición dos participantes no concurso.
- c) Formar parte do xurado que resolverá a concesión dos premios do concurso, designando aos membros que representen ás respectivas institucións.

2.- Gadisa obrígase e comprométese a:

- a) Difundir o concurso no seu ámbito de actuación, contando co apoio e a colaboración da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.
- b) Formar parte do xurado que determinará a adxudicación dos premios do concurso, designando aos membros que a representen.
- c) Asumir o custo íntegro do financiamento que corresponde aos premios correspondentes aos centros docentes de conformidade co establecido na cláusula terceira do presente acordo.

#### **TERCEIRA.-** Financiamento do concurso.

Gadisa Retail SLU asume o custo íntegro do financiamento dos premios correspondentes aos centros docentes cunha dotación económica global económica de TRES MIL (3.000 EUROS). Dita dotación será entregada aos centros docentes gañadores en forma de vale para a adquisición de material escolar de conformidade co establecido nas bases do concurso, anexas ao presente acordo.

#### **CUARTA.-** Modificacións.

Se durante o desenvolvemento do concurso se producisen circunstancias que implicasen modificacións substanciais do presente acordo, as partes documentarano por escrito mediante a sinatura dunha addenda ao presente acordo.

#### **QUINTA.-** Xurado.

O xurado do VII Concurso de carteis para escolares relacionado coa doazón e os transplantes estará integrado polos seguintes membros:

- a) Presidente: conselleiro de Sanidade, ou persoa na que delegue.
- b) Vicepresidente: director comercial de Gadisa Retail SLU, ou persoa en quen delegue.
- c) Vogais:
  - Dous representantes designados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,
  - A directora da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos ou persoa en quen delegue, a coordinadora autonómica de transplantes de dita Axencia ou persoa en que delegue e persoal técnico da Coordinación Autonómica de Transplantes.

En caso de empate, a persoa que ocupe a presidencia do xurado terá voto dirimente.



#### **SEXTA.-** Difusión.

As partes asinantes poderán difundir a súa colaboración no concurso, en calquera manifestación pública que se leve a cabo en relación ao obxecto do presente acordo, a través de calquera medio de comunicación escrito, radio, televisión, Internet ou calquera outro tipo destas manifestacións públicas: roldas de prensa, entrevistas, notas de prensa, conferencias, etc.

Nos materiais de difusión que puideran prepararse (carteis, folletos, memorias, vídeos, etc.) farase constar expresamente a colaboración das partes asinantes, con inclusión das marcas ou logotipos que para tal efecto se faciliten.

Sen prexuízo do anterior, calquera difusión que se leve a cabo do concurso, será acordada polas partes.

#### **SÉTIMA.-** Cláusula de confidencialidade e protección de datos.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, as partes comprométese a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente acordo e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois da data de finalización da vixencia do presente acordo.

#### **OITAVA.-** Comisión de seguimento.

Cada unha das partes asinantes designará un/unha representante para os efectos de constituír unha comisión de seguimento, coas seguintes funcións:

- a) Impulsar e debater as accións que se propoñan levar a cabo para a correcta execución do presente acordo.
- b) Vixiar, avaliar e controlar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente acordo e das accións que se leven a cabo no seu desenvolvemento.
- c) Resolver os problemas de interpretación e cumprimento deste acordo.

Dita comisión reunirse cunha periodicidade mínima bimensual e sempre que o solicite calquera das partes asinantes.

#### **NOVENA.-** Natureza xurídica do acordo.

O presente acordo ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.



De conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o presente acordo de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, de acordo co sinalado no artigo 6 do citado texto legal.

**DÉCIMA.-** Duración e vixencia.

O presente acordo terá efectos desde a data da súa sinatura e estará en vigor ata o 31 de xullo de 2025.

**UNDÉCIMA.-** Resolución anticipada.

Serán causas de resolución do presente acordo:

- a) O incumprimento total ou parcial dos termos do mesmo.
- b) O transcurso do prazo de vixencia estipulado.
- c) O mutuo acordo das partes.
- d) A denuncia por calquera das partes, de forma expresa e por escrito, argumentando os motivos, con quince días de antelación á terminación do mesmo.
- e) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do mesmo.

En calquera destes casos, deberán finalizarse os traballos e compromisos que estean en vigor ao tempo de producirse calquera das causas de resolución antes indicadas, agás que as partes de mutuo acordo dispoñan o contrario.

**DUODÉCIMA.-** Xurisdición.

O presente convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan suscitar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes no seo da comisión de seguimento prevista na cláusula oitava. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

**DÉCIMO TERCEIRA.-** Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste acordo leva implícito o consentimento expreso das persoas interviñentes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E, en proba de conformidade, as partes asinan o presente acordo, na data indicada na



AXENCIA DE DOAZÓN  
DE ÓRGANOS  
E SANGUE



gadisa | RETAIL

sinatura dixital.

Pola Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos

Por Gadisa Retail S.L.U.

D. Antonio Gómez Caamaño

D. Agustín Rodríguez Vazques